

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 2 DE DECEMBRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lap/240/07.- Galcar, S.A.-** Nave industrial (Lic/1414/07) e apertura de taller de reparación de automóviles e comercio de vehículos e accesorios nos SUNP-34, parcelas C1 e C2, Polígono de Boisaca.-

**2338/07.- José Carlos Taibo Rivera e Outra.-** Modificación de licenza de construción de vivenda unifamiliar en A Susana, núm. 32, Marrozos.-

**2179/08.- Urbanizadora Ibis, S.L.-** Legalización das modificacións executadas no estado final de obra e cambio de uso da edificación executada no bloque 8 da parcela 4 da Área de Execución Integral A do PERI-5 de San Lázaro, de residencial a oficinas.-

**1839/08.- Urbanizadora Ibis, S.L.-** Legalización das modificacións executadas no estado final de obra e cambio de uso da edificación executada no bloque 5 da parcela 4 da Área de Execución Integral A do PERI-5 de San Lázaro, de residencial a oficinas.-

#### DENEGADAS.-

**783/08.- Beatriz Rodríguez Couselo.-** Rehabilitación, previa derruba parcial, da edificación sita na Rúa do Veadiño núm.17.-

#### SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L DE DATA 21 DE OUTUBRO DE 2008

**2083/07.- Urbanizadora Ibis, S.L.-** Construción de edificio nos bloques 2 e 3 da parcela 2 do PERI-5 de San Lázaro.-

#### SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L DE DATA 21 DE OUTUBRO DE 2008

**1436/08.- Inmobiliaria Domínguez Vázquez, S.A.-** Devolución fianza Expte..763/91.27.896,09 €.-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

**2404/08.- José Daniel Pereiro López.-** .....Expte..2171/02.....3.400 €.-

### OCIHR

#### LICENZAS

**LIC/2714/2007.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 17.03.08, para adecuación do patio a parra e dependencias anexas da Casa do Deán na rúa do Vilar

**LIC/2283/2007.- HOTEL COMPOSTELA S.A.-** Autorización para execución da escaleira exterior de incendios na rúa do Horreo, nº 1

#### **6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbase inicialmente unha axuda para un local comercial (5.756,86 euros) e dúas axudas definitivas para outros dous locais comerciais (6.952,26 e 5.973,05 euros).

#### **7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa a participación da UMAD na elaboración dun DVD que resuma proxectos, programas e iniciativas no ámbito da prevención de drogas en Europa.**

Dáse conta da invitación a participar nunha actividade derivada dun proxecto europeo, pola cooperativa social da rexión de Véneto, CO.GES que traballa na xestión de proxectos europeos coas administracións rexionais e locais do norte de Italia. CO.GES solicita á UMAD a participación na elaboración dun DVD que resuma os proxectos no ámbito da prevención de drogas.

**8.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento de persoal laboral fixo.**

Noméase un oficial xardineiro da brigada de Parques e Xardíns.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento da actividade do Club de Rol do centro sociocultural e xuvenil municipal O Ensanche.**

Apróbase un orzamento de 1.100 euros.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación da proposta formativa en produción e Coaching Musical para os grupos dos locais municipais de música para a xuventude.**

Apróbanse estas dúas iniciativas relacionadas co asesoramento musical e formación para un mellor uso dos instrumentos musicais dos locais de ensaio, cun orzamento total de 11.323,69 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa ao desenvolvemento dos VII XOGOS DEPORTIVOS AUTÓNOMICOS PARA XORDOS.**

Autorízase a celebración do evento en varias instalacións municipais e un orzamento de 2.100 euros para colaborar na celebración destes xogos. Este orzamento destinarase á posta a disposición do campionato dunha ambulancia asistencial e á compra dos trofeos e medallas.

**12.- Proposta da alcaldía relativa á encomenda de xestión ao Consorcio da primeira fase da reurbanización da rúa do Home Santo.**

Apróbase encomendar a xestión ao Consorcio desta primeira fase da reurbanización total da rúa do Home Santo e encargarse, tamén ao Consorcio, a redacción dunha segunda fase que comprendería a praza de Home Santo, incluído o soterramento dos centros de transformación e a escalinata de acceso á praza da estación e zona verde adxacente.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación das bases reguladoras do procedemento de selección de edificios para a súa inclusión no programa de edificios tutelados, e a súa convocatoria.**

Apróbanse as bases reguladoras do procedemento de selección de edificios para a súa inclusión no Programa de Edificios Tutelados e a convocatoria, fixando un prazo de dous meses contados dende a publicación no BOP das citadas bases para a presentación de solicitudes. O crédito achegado polo Consorcio para esta convocatoria é de 500.000 euros.

**14.- Adxudicación das Obras de reparación de pavimentación na explanada de Salgueiriños.**

Apróbase o proxecto redactado polos arquitectos municipais, así como a adxudicación dos traballos de referencia por un importe total de 49.891,35 (máis 16%) de IVE e un prazo de execución dun mes.

**15.- Revisión de prezos do contrato de instalación de máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending nos recintos deportivos do Concello de Santiago de Compostela (Procedemento Negociado).**

Revísanse os prezos á variación do IPC do período abril 2007, abril 2008 (4,20%)

**16.- Adxudicación definitiva das Obras de Rehabilitación da rede de Saneamento na rúa Ricardo Carvalho Calero.**

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia subscrito coa empresa AQUAGEST, SA, por importe de 160.825,90 euros (máis 16% IVE).

**17.- Proposta da alcaldía relativa a adopción de acordo referente ao expediente expropiatorio da Casa do Cabildo.**

Estímase parcialmente un recurso de reposición.

**18.- Proposta da concelleira delegada de urbanismo relativa á resolución convencional de controversia sobre a titularidade da parcela de orixe 90 A do proxecto de reparcelación do polígono 2 do Plan Parcial do SUP-5 Choupana.**

Declárase resolta, por acordo entre as partes, a controversia sobre a titularidade da parcela inicial nº90 A a favor de TELLERAL DE PROMOCIONES GALICIA SL.

**19.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a "Cofradía de la Vera Cruz".**

Dáse conta da sinatura do convenio polo que o Concello achega a cantidade de 1.418 euros para o desenvolvemento das actividades programadas pola confraría para a celebración da Semana Santa.

**20.- Dar conta da concesión ao Concello dunha axuda para o desenvolvemento de programas de educación familiar.**

Dáse conta dunha subvención da delegación provincial da Igualdade e do Benestar por importe de 18.195,89 euros para o desenvolvemento de programas de educación familiar.

**21.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello para o programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos Concellos de Galicia para o ano 2008.**

Dáse conta da subvención recibida pola Consellaría de Educación por importe de 33.670,74 euros.

## URXENCIAS

1.- Dáse conta dunha subvención outorgada pola Consellería de Traballo por importe de 18.740,54 euros que se empregará para sufragar os custos sociais do persoal fixo da unidade técnica de Muller.

2.- apróbese a sinatura do convenio entre o Concello e o Club Ardeal Tenis de Mesa para 2008, polo que a entidade municipal achega a cantidade de 20.800 euros.

3.- apróbese a sinatura do convenio entre o Concello e o Club Triatlón Bricosa para 2008, polo que a entidade municipal achega a cantidade de 18.000 euros.

4.- Adxudícase o uso dunha parcela das hortas urbanas de Belvís á primeira persoa situada na lista de agarda.

5.- apróbese a concesión das subvencións destinadas á promoción de proxectos e actividades educativas e culturais dirixidas á xuventude a un total de 17 asociacións por un importe total de 23.382,66 euros.

6.- apróbese a concesión das subvencións destinadas á promoción de proxectos e actividades educativas e culturais a un total de 44 asociacións por un importe total de 31.115,44 euros.

7.-Adjudicación definitiva do subministro e instalación de elementos de xogo infantís no entorno do centro sociocultural e grupo escolar Doutor Maceira de Lاراño.  
Elévase a definitiva a adjudicación do subministro á empresa CONTENUR, SL, por importe de 25.605 euros (máis 16% IVE)

8.-Adjudicación definitiva do subministro de uniformidade para o persoal da policía municipal.  
Elévase a definitiva a adjudicación do subministro segundo os seguintes lotes:  
Lote 1: El Corte Inglés, 45.371,10 euros.  
Lote 2: Peycar, 28.273,80 euros  
Lote 3: El Corte Inglés, 31.819,18 euros  
Lote4: Peycar, 15.408,20 euros.

9.-Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á realización dunha promoción do sector empresarial de Santiago baixo o lema: SANTIAGO É CALIDADE.  
Apróbbase a realización da campaña por importe 100.000 euros.

10.-Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á edición e distribución da memoria de actividades da Concellería.  
Apróbbase a proposta que comprende a edición de 30.000 exemplares e un custo de 28.000 euros.